



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 414
25 de novembro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023

GRUPO I

Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 43980) [160563](#)

B) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43959) [160577](#)

C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 43956) [160588](#)

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

— Docs. núm. 43973 e 44037, do G. P. Popular de Galicia [160614](#)

— Docs. 43961, corr. erros doc. 44077 e 44216, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego [160641](#)

— Doc. núm. 43958, do G. P. dos Socialistas de Galicia [160777](#)

1. Clasificación xeral

2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 21.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 14.

SECCIÓN 05 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 2 e 3.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 22 a 55.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 15 a 34.



SECCIÓN 06 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 4 e 5.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 56 a 85.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 35 a 85.

SECCIÓN 07 CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 86 a 92.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 86 a 100.

SECCIÓN 08 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 93 a 139.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 101 a 129 e 371.

SECCIÓN 09 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núm. 6.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 140 a 184 (corrección de erros no doc. núm. 44077).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 401 a 591 e 627.

SECCIÓN 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 185 a 300.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 265 a 320, 625, 626 e 628.

SECCIÓN 11 CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 7 a 9.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 301 a 312 (corrección de erros no doc. núm. 44216).

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 130 a 244.

SECCIÓN 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 313 a 448.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 245 a 264.



SECCIÓN 13 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 10 a 21.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 449 a 470.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 321 370.

SECCIÓN 14 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 471 a 511.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 372 a 400.

SECCIÓN 15 CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 512 a 564.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 592 a 623.

SECCIÓN 23 GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 624.



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 24 de novembro de 2022, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2022, e que se indican a continuación:

-Docs. núms. 43980, 43973 e 44037, presentados polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

-Docs. núms. 43959, 43961 e corrección de erros no docs. núms. 44077 e 44216, presentados polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

-Docs. núms. 43956 e 43958, presentados polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican e adoptar as decisións que se sinalan en relación coa súa admisión a trámite:

GRUPO I

Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 43980)

Preséntanse 9 emendas e admítense a trámite.

B) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43959)

Preséntanse 32 emendas e admítense todas elas a trámite.

C) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 43956)

Preséntanse 76 emendas. A número 45 non existe e o número 47 está repetido.

Admítense todas elas a trámite.



GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. Clasificación xeral

a) Emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 43973), ao estado de autorización de gastos. Mediante o documento número 44037, retírase a emenda número 1.

Admítense a trámite 20 das 21 emendas presentadas aos estados de gastos, tendo en conta que a número 1 está retirada.

De se aceptar a emenda número 5, sería preciso modificar a contabilidade financeira da Fundación Deporte Galego.

b) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 43961 e corrección de erros nos docs. núms. 44077 e 44216), ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 564 emendas e admítense a trámite.

De se aceptaren, sería preciso facer os correspondentes axustes nas contabilidades orzamentaria e financeira das entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo, conta de perdas e ganancias, estado de fluxos de efectivo e balance.

c) Emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 43958) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 628 emendas e admítense a trámite.

De se aceptaren, sería preciso facer os correspondentes axustes nas contabilidades orzamentaria e financeira das entidades públicas instrumentais con orzamento administrativo, conta de perdas e ganancias, estado de fluxos de efectivo e balance.

2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04 PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 21.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 1 a 14.

SECCIÓN 05 VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 2 e 3.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 22 a 55.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 15 a 34.



SECCIÓN 06 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 4 e 5.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 56 a 85.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 35 a 85.

SECCIÓN 07 CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 86 a 92.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 86 a 100.

SECCIÓN 08 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 93 a 139.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 101 a 129 e 371.

SECCIÓN 09 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núm. 6.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 140 a 184 (corrección de erros no doc. núm. 44077).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 401 a 591 e 627.

SECCIÓN 10 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 185 a 300.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 265 a 320, 625, 626 e 628.

SECCIÓN 11 CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 7 a 9.
G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 301 a 312 (corrección de erros no doc. núm. 44216).
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 130 a 244.

SECCIÓN 12 CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 313 a 448.
G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 245 a 264.



SECCIÓN 13 CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. Popular de Galicia núms. 10 a 21.

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 449 a 470.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 321 370.

SECCIÓN 14 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 471 a 511.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 372 a 400.

SECCIÓN 15 CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G. P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 512 a 564.

G. P. dos Socialistas de Galicia núms. 592 a 623.

SECCIÓN 23 GASTOS DE DIVERSAS CONSELLERÍAS

G. P. dos Socialistas de Galicia núm. 624.

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados numéricos	Total
G. P. Popular de Galicia	9	20	29
G. P. do BNG	32	564	596
G. P. dos Socialistas	76	628	704
TOTAIS	117	1.212	1.329

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023 (NUM. EXPE.
11/PL-00018).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 11

Engadir na letra e) do artigo 11 o despois de "entidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº2, de Adición. Artigo 34

Engadir no artigo 34, apartado Un, despois de "universidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº3, de Adición. Artigo 34

Engadir no apartado Dous do artigo 34 despois da palabra "entidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº4, de Adición. Artigo 35

Engadir na denominación do artigo 35 despois da palabra "entidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº5, de Adición. Artigo 36

Engadir na denominación do artigo 36, despois da palabra "entidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº6, de Adición. Artigo 36



Engadir no apartado Dous do artigo 36 despois da palabra "universidades" o adxectivo "públicas"

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 41

Substituír no artigo 41 (Avais) apartado Seis onde di "menores de trinta e cinco anos" debe dicir "menores de trinta e seis anos"

Emenda nº9, de Substitución. Artigo 58

Substitúese o contido do artigo 58 polo seguinte texto:

"Artigo 58. Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local

Catro. Consonte o acordo acadado na Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, con anterioridade á repartición do fondo adicional deducirase un importe de 289.741 euros, que se destinará á Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxecto de actualizar as dotacións financiadoras dos seus gastos de funcionamento. O resto da dotación deste fondo repartirase en función dos seguintes criterios:

- a) cento sesenta mil euros destinados aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal.
- b) dous millóns cincocentos noventa e cinco mil euros aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes en función dos gastos de funcionamento que teñen que asumir dos centros de saúde da súa titularidade.
- c) novecentos corenta e cinco mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio.
- d) un millón cincocentos mil euros aos concellos resultantes dun proceso de fusión, en cumprimento do sinalado no artigo 13.un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- e) dous millóns seiscientos sesenta e oito mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal.
- f) catro millóns cincocentos mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.



g) un millón dous centos mil euros aos concellos integrados no Plan de retirada sistemática de niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*).

h) oito millóns seiscientos mil euros aos concellos de menos de quince mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar para mellorar a eficiencia enerxética de edificios de titularidade municipal.

i) un millón de euros aos concellos en función da súa participación en proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas que contribúan á integración das enerxías renovables na actividade local.

j) dous millóns de euros aos concellos de menos de quince mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar para a adquisición de maquinaria e equipamento vinculado á prestación de servizos de competencia municipal.

k) cinco millóns de euros aos concellos de menos de quince mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar en actuacións destinadas á modernización e mellora das redes de abastecemento municipal.

A cantidade correspondente ao apartado a) experimenta un incremento dun 10% respecto ao ano 2022. E as cantidades previstas nos apartados b) e c) aumentan un 5% respecto ao ano 2022. En ambos casos se distribuirán de acordo aos criterios utilizados no ano 2022.

Para o caso dos **criterios previstos nas letras e), f) e g)**, a Administración autonómica poderá optar, de conformidade co acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, por asumir directamente a xestión das actuacións. Neste suposto, as dotacións antes expresadas e precisas para o seu financiamento adscribiranse ás correspondentes aplicacións do orzamento de gastos das consellarías competentes, polo que non se precisará a súa repartición entre os concellos.

Para o caso dos supostos previstos nas letras d), h), i), j) e k) a distribución do importe realizárase en función dos criterios aprobados pola consellería competente en materia de Administración local.

O reparto das cantidades previsto neste apartado poderá modificarse por acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, se se xustifica a necesidade desta modificación en atención ás dificultades materiais de realización dalgunha das finalidades previstas por causas independentes da vontade dos concellos e se destina a outras finalidades das previstas ou a finalidades análogas ou equivalentes a estas que se consideren igualmente de interese público. O establecido neste parágrafo será tamén aplicable ao reparto das cantidades previsto para o exercicio 2022.



"

Emenda nº8, de Substitución. ANEXO IV

Débese substituír o Anexo IV, polo que segue

Anexo IV

Artigo 56

Conforme ao disposto neste artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de **2023**, do seguinte xeito:

Educación infantil:

(Ratio profesor / unidade: 1,08:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	36.289,18
Gastos variables	4.692,31
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.208,50
Outros gastos	7.288,22
Importe total anual	56.478,21

Educación primaria:

Centros de ata 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,40:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	47.041,52
Gastos variables	6.082,62
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.640,64
Outros gastos	7.288,22
Importe total anual	71.053,00

Centros de máis de 6 unidades de primaria

(Ratio profesor / unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	45.697,48
Gastos variables	5.908,83
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	10.336,63
Outros gastos	7.288,22



Importe total anual 69.231,16

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):

I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor / unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	37.633,23
Gastos variables	4.866,10
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	8.512,49
Outros gastos	7.770,20
Importe total anual	58.782,02

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos

educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	23.245,24
Autistas ou problemas graves de personalidade	26.844,40
Auditivos	21.628,77
Plurideficientes	26.844,40

II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor / unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	67.202,17
Gastos variables	5.700,64
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	15.200,89
Outros gastos	10.935,64
Importe total anual	99.039,34

Persoal complementario (Logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos

educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	37.114,24
Autistas ou problemas graves de personalidade	41.270,56
Auditivos	28.756,17
Plurideficientes	41.270,56

Educación secundaria obrigatoria:



I. Primeiro e segundo curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,56:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	61.554,52
Gastos variables	11.228,30
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	15.084,17
Outros gastos	9.456,87
Importe total anual	97.323,86

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,52:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	59.976,18
Gastos variables	10.940,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	14.697,41
Outros gastos	9.456,87
Importe total anual	95.070,85

II. Terceiro e cuarto curso:

Centros de ata 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,84:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	72.602,78
Gastos variables	13.243,63
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	14.244,59
Outros gastos	10.431,80
Importe total anual	110.522,80

Centros de máis de 4 unidades de ESO

(Ratio profesor / unidade: 1,66:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	65.500,34
Gastos variables	11.948,06
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	12.851,11
Outros gastos	10.431,80
Importe total anual	100.731,31

Ciclos formativos:

(Ratio profesor / unidade grao medio: 1,52:1)

(Ratio profesor / unidade: grao superior: 1,52:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	58.549,26
----------------	-----------



Segundo curso 0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso 58.549,26

Segundo curso 58.549,26

Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso 58.549,26

Segundo curso 58.549,26

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 a 2.540 horas:

Primeiro curso 58.549,26

Segundo curso 58.549,26

II. Gastos variables:

Grupo1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso 7.511,08

Segundo curso 0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso 7.511,08

Segundo curso 7.511,08

Grupo3. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso 8.084,35

Segundo curso 8.084,35

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 a 2.540 horas:

Primeiro curso 8.084,35

Segundo curso 8.084,35

III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais

Ciclos formativos de grao medio 11.767,28

Ciclos formativos de grao superior 11.767,28

IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Técnico Estética e Beleza





Primeiro curso	12.280,13
Segundo curso	2.858,12

Grupo 2. Ciclos formativos de:

Técnico Coidados Auxiliares de Enfermería (LOXSE)

Primeiro curso	14.918,18
Segundo curso	2.858,12

Grupo 3. Ciclos formativos de:

Técnico Procesado e Transformación da Madeira

Técnico Comercialización de Produtos Alimentarios

Técnico Superior Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable

Primeiro curso	17.743,42
Segundo curso	2.858,12

Grupo 4. Ciclos formativos de:

Técnico Postimpresión e Acabados Gráficos

Técnico Conformado por moldeo de metais e polímeros

Técnico Fabricación e Ennobrecemento de Produtos Téxtiles

Primeiro curso	20.519,30
Segundo curso	2.858,12

Grupo 5. Ciclos formativos de:

Sen contido

Primeiro curso	12.280,13
Segundo curso	4.621,92

Grupo 6. Ciclos formativos de:

Técnico Superior Xestión de Vendas e Espazos Comerciais

Técnico Actividades Comerciais

Técnico Aceites de Oliva e Viños

Técnico Xestión Administrativa

Técnico Xardinería e Florería

Técnico Superior Gandería e Asistencia en Sanidade Animal



Técnico Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
Técnico Superior Paisaxismo e Medio Rural
Técnico Superior Xestión Forestal e do Medio Natural
Técnico Superior Animación Sociocultural e Turística
Técnico Superior Márketing e Publicidade
Técnico Superior Administración e Finanzas
Técnico Superior Asistencia á Dirección
Técnico Superior Transporte Marítimo e Pesca de Altura.
Técnico Navegación e Pesca de Litoral.
Técnico Superior Producción de Audiovisuais e Espectáculos.
Técnico Superior Comercio Internacional
Técnico Condución de Vehículos de Transporte por Estrada.
Técnico Superior Transporte e Loxística
Técnico Construción
Técnico Superior Organización e Control de Obras de Construción.
Técnico Superior Proxectos de Obra Civil
Técnico Superior Óptica de Anteollaría (LOXSE)
Técnico Superior Xestión de Aloxamentos Turísticos
Técnico Servizos en Restauración.
Técnico Superior Caracterización e Maquillaxe Profesional
Técnico Perrucaría e Cosmética Capilar
Técnico Superior Estética Integral e Benestar
Técnico Superior Estilismo e Dirección de Perrucaría.
Técnico Estética e Beleza
Técnico Superior Estilismo e Dirección de Perrucaría.
Técnico Superior Asesoría de Imaxe Persoal e Corporativa
Técnico Elaboración de Produtos Alimenticios
Técnico Panadería, Repostería e Confeitearía
Técnico Operacións de Laboratorio.
Técnico Superior Administración de Sistemas Informáticos en Rede.
Técnico Superior Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma
Técnico Superior Deseño e Amoblamento
Técnico Superior Prevención de Riscos Profesionais (LOXSE)
Técnico Superior Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico
Técnico Superior Química e Saúde Ambiental
Técnico Superior Laboratorio de Análises e de Control de Calidade
Técnico Superior Química Industrial
Técnico Superior Planta Química
Técnico Superior Fabricación de Produtos Farmacéuticos, Biotecnolóxicos e afíns
Técnico Superior Dietética (LOXSE)
Técnico Superior Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear
Técnico Superior Radioterapia e Dosimetría
Técnico Superior Electromedicina Clínica



Técnico Superior Laboratorio Clínico e Biomédico
Técnico Superior Hixiene Bucodental
Técnico Superior Ortopróteses e Produtos de Apoio.
Técnico Superior Audiología Protésica
Técnico Superior Coordinación de Emerxencias e Protección Civil
Técnico Superior Documentación e Administración Sanitarias
Técnico Emerxencias e Protección Civil
Técnico Emerxencias Sanitarias
Técnico Farmacia e Parafarmacia
Técnico Superior Mediación Comunicativa
Técnico Superior Integración Social
Técnico Superior Promoción de Igualdade de Xénero.
Técnico Atención a Persoas en Situación de Dependencia.
Técnico Superior Educación Infantil
Técnico Superior Desenvolvemento de Aplicacións Web
Técnico Superior Dirección de Cociña.
Técnico Superior Guía, Información e Asistencia Turísticas
Técnico Superior Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos
Técnico Superior Dirección de Servizos de Restauración.
Técnico Superior Vestiario a Medida e de Espectáculos.
Técnico Calzado e Complementos de Moda.
Técnico Superior Deseño Técnico en Téxtil e Pel
Técnico Superior Deseño e Producción de Calzado e Complementos

<i>Primeiro curso</i>	11.065,67
<i>Segundo curso</i>	13.355,07

Grupo 7. Ciclos formativos de:

Técnico Producción Agroecolóxica
Técnico Producción Agropecuaria
Técnico Superior Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións
Técnico Montaxe de Estruturas e Instalacións de Sistemas Aeronáuticos
Técnico Mantemento de Embarcacións de Recreo.
Técnico Mantemento de Estruturas de Madeira e Mobiliario de Embarcacións de Recreo.
Técnico Mantemento e Control da Maquinaria de Buques e Embarcacións
Técnico Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas
Técnico Superior Mantemento Electrónico
Técnico Superior Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
Técnico Superior Automatización e Robótica Industrial
Técnico Instalacións de Telecomunicacións.
Técnico Instalacións Eléctricas e Automáticas



Técnico Sistemas Microinformáticos e Redes
Técnico Obras de Interior, Decoración e Rehabilitación
Técnico Cociña e Gastronomía
Técnico Superior Educación e Control Ambiental
Técnico Superior Próteses Dentais
Técnico Confección e Moda
Técnico Superior Patronaxe e Moda
Técnico Superior Enerxías Renovables
Técnico Superior Centrais Eléctricas
Técnico Superior Mantemento Aeromecánico de Avións con Motor de Pistón.
Técnico Superior Mantemento Aeromecánico de Avións con Motor de Turbina.
Técnico Superior Mantemento Aeromecánico de Helicópteros con Motor de Pistón.
Técnico Superior Mantemento Aeromecánico de Helicópteros con Motor de Turbina.
Técnico Superior Mantemento de Sistemas Electrónicos e Aviónicos en Aeronaves.

<i>Primeiro curso</i>	13.615,12
<i>Segundo curso</i>	15.532,71

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Técnico Guía no Medio Natural e de Tempo Libre
Técnico Superior Ensino e Animación Sociodeportiva
Técnico Superior Acondicionamento Físico
Técnico Actividades Ecuestres
Técnico Superior Artista Fallero e Construción de Escenografías.
Técnico Superior Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia
Técnico Superior Deseño e Xestión da Produción Gráfica
Técnico Superior Iluminación, Captación e Tratamento da Imaxe
Técnico Vídeo Disc Jockey e Son
Técnico Superior Son para Audiovisuais e Espectáculos
Técnico Superior en Realización de proxectos Audiovisuais e Espectáculos
Técnico Superior Animacións 3D, Xogos e Contornos Interactivos
Técnico Superior Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos
Técnico Conformado por Moldeo de Metais e Polímeros
Técnico Programación da Produción en Moldeo de Metais e Polímeros
Técnico Superior Programación da Produción en Fabricación Mecánica
Técnico Superior Deseño en Fabricación Mecánica
Técnico Instalación e Amoblamento
Técnico Superior Deseño e Amoblamento
Técnico Carpintería e Moble
Técnico Instalacións Frigoríficas e de Climatización.
Técnico Instalacións de Produción de Calor.
Técnico Superior Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e Fluídos



Técnico Superior Mantemento de Instalacións Térmicas e de Fluídos.
Técnico Redes e Estacións de Tratamento de Augas .
Técnico Superior Xestión da auga..
Técnico Carrozaría
Técnico Electromecánica de Maquinaria.
Técnico Electromecánica de Vehículos Automóbiles
Técnico Superior Automoción
Técnico Pedra Natural
Técnico Escavacións e Sondaxes
Técnico Superior Eficiencia Enerxética e Enerxía Solar Térmica

<i>Primeiro curso</i>	16.003,34
<i>Segundo curso</i>	17.748,91

Grupo 9. Ciclos formativos de:

Técnico Cultivos Acuícolas
Técnico Acuicultura
Técnico Superior Vitivinicultura
Técnico Preimpresión Dixital
Técnico Postimpresión e Acabados Gráficos
Técnico Impresión Gráfica
Técnico Xoiería (LOXSE)
Técnico Mecanizado
Técnico Soldadura e Caldeiraría
Técnico Superior Construcións Metálicas
Técnico Superior Procesos de Calidade na Industria Alimentaria
Técnico Mantemento Electromecánico
Técnico Mantemento de Material Rodante Ferroviario
Técnico Superior Mecatrónica Industrial
Técnico Fabricación de Produtos Cerámicos
Técnico Superior Desenvolvemento e Fabricación de Produtos Cerámicos

<i>Primeiro curso</i>	18.502,12
<i>Segundo curso</i>	19.835,52

Formación profesional básica

(Ratio profesor / unidade: 1,44:1)

<i>I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais</i>	55.467,72
<i>II. Gastos variables</i>	7.115,76
<i>III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais</i>	11.222,86



IV. Outros gastos (1º e 2º curso):

Acceso e conservación de instalacións deportivas	10.387,74
Actividades agropecuarias	11.671,01
Actividades de panadería e pastelería	11.671,01
Actividades domésticas e limpeza de edificios	11.671,01
Actividades marítimo-pesqueiras	14.391,47
Agroxardinaría e composicións florais	11.671,01
Aloxamento e lavandaría	10.945,30
Aproveitamentos forestais	11.671,01
Arranxo e reparación de artigos téxtiles e de pel	10.387,74
Artes gráficas	13.436,01
Carpintería e moble	12.671,94
Cociña e restauración	11.671,01
Electricidade e electrónica	11.671,01
Fabricación de elementos metálicos	12.671,94
Fabricación e montaxe	14.391,47
Industrias alimentarias	10.387,74
Informática de oficina	13.122,46
Informática e comunicacións	13.122,46
Instalacións electrotécnicas e mecánicas	11.671,01
Mantemento de embarcacións deportivas e de recreo.	12.671,94
Mantemento de vehículos	12.671,94
Mantemento de vivendas	11.671,01
Perrucaría e estética	10.387,74
Reforma e mantemento de edificios	11.671,01
Servizos administrativos	10.995,28
Servizos comerciais	10.995,28
Tapizaría e cortinaxe	10.387,74
Vidraría e olaría	14.391,47

(*) O importe do complemento retributivo da comunidade autónoma do profesorado licenciado de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria axustarase, de xeito que a suma do salario, complemento de equiparación de licenciados e CRCA sexa igual ao salario e CRCA do profesorado de 3º e 4º de ESO.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2022 18:13:53
Nº Rexistro: 43980
Data envío: 17/11/2022 18:13:53.575

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2022 18:13:44

CSV: BOPGDSPG-yh42WLqJN-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023
(NUM. EXPE. 11/PL-00018).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Substitución. Artigo 2

Substitúese o contido do primeiro parágrafo do apartado Un do artigo 2 polo seguinte:

"Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 14.400.247.082 euros, distribuídos da forma seguinte:

	CAP. I-VII GASTOS NON FINANCEIROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS	CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS	TOTAL
Administración Xeral	6.677.221.218	121.946.555	1.306.611.536	8.105.779.309
Organismos autónomos	4.848.932.124	101.190.000		4.950.122.124
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.458.075	-		2.458.075
Axencias públicas autonómicas	1.328.065.321	317.168	13.505.085	1.341.887.574
Total	12.856.676.738	223.453.723	1.320.116.621	14.400.247.082

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan ...
(continúa igual)

Emenda nº2, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 2



Substituír o texto do apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

"Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 14.400.247.082 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII INGRESOS NON FINANCEIROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS	CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS	TOTAL
Administración Xeral	12.470.009.018	1.949.319	1.586.399.193	14.058.357.530
Organismos autónomos	245.390.856	690.000	-	246.080.856
Axencias públicas autonómicas	16.436.445	79.372.251	-	95.808.696
Total	12.731.836.319	82.011.570	1.586.399.193	14.400.247.082

Emenda nº3, ao apartado Un, de Adición. Artigo 9

Engadir un novo parágrafo no apartado Un do artigo 9 co seguinte texto:

“Non obstante, en ningún caso se poderán realizar axustes que impliquen a minoración dos créditos incluídos en programas que financien servizos públicos básicos.”

Emenda nº4, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no primeiro parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión: “non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,5% con respecto ás”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ás”.



Emenda nº5, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no segundo parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión: “non poderán incrementarse, en termos globais, respecto aos do ano anterior”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ao ano anterior”.

Emenda nº6, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 11

Suprimir o apartado Tres do artigo 11.

Emenda nº7, ao apartado Sete, de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado no artigo 11 co seguinte texto: “Sete. Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2023 dotarase un fondo de acción social por valor do 1 por cento da masa salarial do capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da Administración galega.”

Emenda nº8, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 12

Suprimir os parágrafos segundo e terceiro do apartado Seis do artigo 12.

Emenda nº9, ao apartado Un.c), de Adición. Artigo 16

Engadir unha nova letra c) no apartado Un do artigo 16 co seguinte texto:

“c) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.”



Emenda nº10, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o artigo 19.

Emenda nº11, ao apartado Un.b), de Modificación. Artigo 21

Modificar a redacción do subapartado b) do apartado Un do artigo 21 quedando da seguinte forma:

“b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, e o seu importe de cada unha delas será o importe dunha mensualidade ordinaria, comprendendo o soldo, os trienios, e os complementos de destino e específico na súa integridade. Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe de paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.”

Emenda nº12, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 22

No apartado Dous do artigo 22 substituír a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao 2,5% respecto das”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda nº13, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 23

No apartado Un do artigo 23 substituír a expresión: “experimentarán un incremento do 2,5%”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento do 3%”.

Emenda nº14, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 23

No apartado Dous do artigo 23 substituír a expresión: “non experimentarán un incremento superior ao 2,5% respecto das”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.



Emenda nº15, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 24

No apartado Dous do artigo 24 substituír a expresión: “non experimentarán un incremento superior ao 2,5% respecto das”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda nº16, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 25

No apartado Un do artigo 25 substituír a expresión: “experimentarán un incremento do 2,5%”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento do 3%”.

Emenda nº17, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 25

No apartado Dous do artigo 25 substituír a expresión: “experimentará un incremento do 2,5%”, polo seguinte texto: “experimentará un incremento do 3%”.

Emenda nº18, de Supresión. Artigo 31

Suprimir o artigo 31.

Emenda nº19, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 34

No apartado Dous do artigo 34 substituír a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao do 2,5% respecto das”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº20, de Modificación. Artigo 35



No artigo 35 substituír a expresión: “non experimentarán un incremento global superior ao do 2,5% respecto das”, polo seguinte texto: “experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda nº21, de Adición. Artigo 47 bis)

Engádesse un novo artigo 47 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 47 bis) Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.

Un. Durante o período de vixencia desta Lei non se utilizarán contratos de colaboración público-privada para financiar investimentos en servizos públicos básicos.

En todo caso, os contratos de concesión de obra pública deberán modificarse co fin de que, en ningún caso, o canon ou portaxe satisfeito ao concesionario supere o custo financeiro que a administración debería asumir no caso de financiar directamente a execución da obra.

Dous. Durante o ano 2020, iniciaranse os procedementos específicos que sexan necesarios para o rescate de concesións outorgadas a través de procedementos de colaboración público-privada en servizos públicos sanitarios ou educativos.

Tres. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, incluírase un Anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privada celebrados así como dos que se prevea celebrar durante o exercicio ao que corresponda o proxecto de Lei de Orzamentos, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, así como a asunción de compromisos plurianuais excesivos, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galiza non previsto no orzamento deberá remitírselle ao Parlamento de Galiza, incluíndo na información que se lle remita a este a mesma documentación que a esixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos.”



Emenda nº22, de Supresión. Artigo 55

Suprímese o inciso final do artigo 55 quedando redactado como segue:

“Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2022 será do 2%.”

Emenda nº23, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 56

Suprimir o apartado Dous do artigo 56.

Emenda nº24, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 56

No artigo 56 engadir un novo apartado Seis co seguinte texto:

“Seis. A Xunta de Galiza non poderá, en ningún caso, incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos.”

Emenda nº25, de Adición. Artigo 59 bis)

Engadir un novo artigo 59 bis) co seguinte texto:

“Artigo 59 bis) Pagamento de axudas e subvencións aos Concellos.

Un. Durante o ano 2023 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo a orzamentos da Comunidade Autónoma establecerán con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80 por 100 do importe concedido sen necesidade de achegar garantías por parte dos concellos así como a mancomunidades de entidades locais, consorcios locais, ou entidades asociativas análogas constituídas maioritariamente pola entidades locais de Galiza, consonte o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Dous. A concesión dos devanditos anticipos tamén será aplicábel cando os beneficiarios das axudas e subvencións



sexan entidades vinculadas aos concellos, calquera que sexa a súa forma xurídica, sempre que o concello participe de xeito maioritario nos seus órganos de administración ou dirección e ostente unha posición de control análogo ao dos seus propios servizos.”

Emenda nº26, de Adición. Artigo 59 ter)

Engadir un novo artigo 59 ter) co seguinte texto:

Artigo 59 ter) Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galiza procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ás entidades locais, particularmente as que teñen que por obxecto financiar servizos locais básicos, co obxectivo de acadar un incremento dos fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación Local.

A estes efectos, durante 2023 a reasignación implicará, polo menos, unha porcentaxe de aumento do 25 por cento en relación ao ano anterior.”

Emenda nº27, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 60

Engadir un novo apartado Cinco no artigo 60 co seguinte texto:

“Cinco. En todo caso, non se poderán practicar retencións, compensacións de transferencias do Fondo de Cooperación Local ás Entidades locais relativas a débedas sobre as cales existan discrepancias xustificadas expresadas pola entidade local e baseadas nos informes dos servizos económicos ou de intervención de dita entidade. A estes efectos, en ningún caso se considerarán como vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas sobre as que notificara unha discrepancia xustificada, polo que non poderán practicarse retencións ou compensacións nin requirirse o pagamento até que haxa conformidade da entidade local, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro, ou se resolva polo órgano xudicial competente.”



Emenda nº28, ao apartado Un, de Adición. Artigo 61

Engadir un novo parágrafo no final do apartado Un do artigo 61 coa seguinte redacción:

“Nos casos onde se manifeste expresamente, a través dunha resolución administrativa, emitida polo órgano competente dunha entidade local ou das entidades formadas polas mesmas e baseada nos informes correspondentes dos órganos de control económico-financeiro ou dos servizos de xestión económica de dita entidade local, a non conformidade coas débedas económicas reclamadas desde a administración galega ou calquera entidade pública instrumental, empresa mercantil ou fundación do sector público autonómico, non se considerarán en ningún caso, e aos efectos deste Capítulo, como débedas vencidas, líquidas e exixíbeis as débedas até que haxa unha resolución xudicial ou acordo administrativo que ditamine a discrepancia. Neste caso, non poderán practicarse retencións nin requirirse o pagamento, nin efectuarse compensacións ou retencións de transferencias pendentes de administración galega á entidade local, até que haxa conformidade desta, previa fiscalización dos internos de órganos de control financeiro.”

Emenda nº29, ao apartado Cinco, de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir un novo apartado Cinco na Disposición adicional primeira co seguinte texto:

“Cinco. Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galiza, creárase en 2023 unha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza, logo dos trámites oportunos segundo o Regulamento da Cámara.

As súas funcións serán de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, no que atinxe á execución orzamentaria, así como de vixilancia do cumprimento das finalidades e dos indicadores dos distintos proxectos de gasto dos orzamentos.



Ademais, tamén exercerá funcións de análise da situación económica-financeira a curto, medio e longo prazo, sobre as contas públicas.

Aos efectos de poder efectuar as funcións previstas neste artigo, así como a función de control dos grupos parlamentarios, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galiza, así como un deputado ou deputada designado por cada grupo parlamentario, terán un acceso informático ao sistema de contabilidade e xestión da Consellaría de Facenda, ademais de persoal de consulta e apoio para efectuar as consultas de expedientes de gasto que se consideren oportunas-”

Emenda nº30, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Suprimir a Disposición adicional décimo primeira.

Emenda nº31, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Suprimir a Disposición adicional décimo segunda.

Emenda nº32, de Adición. Disposición derogatoria

Engadir unha Disposición derogatoria co seguinte contido:

“Disposición derogatoria.

Quedan derogadas as normas que se opoñan ao establecido na presente Lei, e de xeito particular, con efectos de 1 de xaneiro de 2017, queda derogada expresamente a Lei 1/2012, de Medidas Temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, aplicándose as medidas vixentes con anterioridade á entrada en vigor de dita lei en materia de emprego público, en particular as relativas ás retribucións íntegras en situación de incapacidade temporal e á acción social.”





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2022 17:08:16
Nº Rexistro: 43959
Data envío: 17/11/2022 17:08:16.591

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2022 17:07:54

CSV: BOPGDSPG-yh42WLqJN-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
 SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS
 XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023
 (NUM. EXPE. 11/PL-00018).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

No punto Un do artigo 2, onde di: "... por un importe de 14.167.171.153 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	6.386.175.600	121.946.555	1.306.611.536	7.814.733.691
Organismos Autónomos	5.070.579.000	1.190.000		5.071.769.000
Entidades Públicas Instrumentais de consulta ou asesoramento	2.458.075			2.458.075
Axencias públicas autonómicas	1.161.103.913	103.601,389	13.505.085	1.278.210.387
Total	12.620.316.588	226.737.944	1.320.116.621	14.167.171.153

Debe dicir:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	6.847.875.600	121.946.555	1.306.611.536	8.276.433.691
Organismos Autónomos	5.084.079.000	1.190.000		5.085.269.000
Entidades Públicas Instrumentais de consulta ou asesoramento	2.458.075			2.458.075
Axencias públicas autonómicas	1.161.103.913	103.601.389	13.505.085	1.278.210.387
Total	13.095.516.588	226.737.944	1.320.116.621	14.642.371.153



Emenda nº2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

No punto Catro, onde di: "..., por un importe consolidado de 14.167.171 euros, distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	12.236.933.089	1.949.319	1.586.399.193	13.825.281.601
Organismos Autónomos	245.390.856	690.000		246.080.856
Axencias públicas autonómicas	16.436.445	79.372.251		95.808.696
Total	12.498.760.390	82.011.570	1.586.399.193	14.167.171.153

Debe dicir: "..., por un importe consolidado de 14.642.371.153 euros, distribuidos da seguinte forma:

	CAP. I-VII Gastos Non Financeiros	CAP:VIII Activos Financeiros	CAP: IX Pasivos Financeiros	Total
Administración Xeral	12.698.633.089	1.949.319	1.586.399.193	14.286.981.601
Organismos Autónomos	258.890.856	690.000		259.580.856
Axencias públicas autonómicas	16.436.445	79.372.251		95.808.696
Total	12.973.960.390	82.011.570	1.586.399.193	14.642.371.153

Emenda nº3, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 2

No punto Cinco, débese engadir un novo parágrafo *in fine* que terá o seguinte contido:



"Establecerase para cada un dos beneficios fiscais establecidos os obxectivos que se perseguen, así como os indicadores de cumprimento. Anualmente elaborárase un estudo sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. O dito estudo será remitido anualmente ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº4, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 3

No punto Seis deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... e deberán reflectirse os datos fundamentais dela, tales como á súa porcentaxe de participación, o importe das subvencións, de ser o caso concedidas, os beneficios ou dividendos se for o caso percibidos, ou as achegas realizadas."

Emenda nº5, ao apartado j), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea j) deste artigo.

Emenda nº6, ao apartado ñ), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea ñ), neste artigo.

Emenda nº7, ao apartado o), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea o) neste artigo.

Emenda nº8, ao apartado q), de Supresión. Artigo 5

Débese suprimir a alínea q) neste artigo.

Emenda nº9, ao apartado r), de Supresión. Artigo 5



Débese suprimir a alínea r), neste artigo.

Emenda nº10, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o punto Tres deste artigo.

Emenda nº11, ao apartado Un.f) bis), de Adición. Artigo 7

No punto Un débese engadir unha nova alínea f) bis, que terá o seguinte contido:

"f) bis. Os fondos con destino a incrementar a contía do Fondo de Cooperación Local. Fondo base."

Emenda nº12, ao apartado Un.r) bis), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea r) bis, que terá o seguinte contido:

"r) bis. Os fondos destinados á subvención das instalacións de enerxía renovable e aforro enerxético."

Emenda nº13, ao apartado Un.r) ter), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea r) ter, que terá o seguinte contido:

"r) ter. Os gastos destinados á gratuidade dos libros de texto."

Emenda nº14, ao apartado Un.r) quater), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea r) quater, que terá o seguinte contido:

"r) quater. Os gastos para a atención da dependencia derivados do concerto de prazas residenciais, de unidades de



estancia diurna, do servizo de axuda a domicilio e das prestacións económicas."

Emenda nº15, ao apartado Un.r) quinquies), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea r) quintus, que terá o seguinte contido:

"r) quinquies. Os gastos para a atención da tarxeta de benvida."

Emenda nº16, ao apartado Un.r) sexies), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea r) sextus, que terá o seguinte contido:

"r) sextus. Os gastos para a atención da tarxeta básica."

Emenda nº17, ao apartado Un, de Adición. Artigo 8

Débese engadir *in fine* do primeiro parágrafo do punto Un, o seguinte texto:

"... . En calquera caso a tramitación de expedientes de transferencia de crédito cara á súa utilización de acordo aos puntos anteriores, deberá realizarse preferentemente con cargo ao fondo de continxencia e soamente sendo aquel inexistente ou insuficiente se poderá realizar a transferencia con cargo a partidas distintas daquela."

Emenda nº18, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto Tres bis, que terá o seguinte contido:

"Tres bis. Os fondos de continxencia estarán asignados ao programa 621B, e da súa utilización deberá darse conta específica ao Parlamento de Galicia, indicando a xustificación para o programa ao que foran transferidos."



Emenda nº19, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto Cinco bis), que terá o seguinte contido:

"Cinco bis. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nos puntos anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellaría durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 por cento.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

- a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.
- b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellarías».
- c) Cando se refiran o centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.
- d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.
- e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.
- f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.
- g) As que se refiren ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.
- h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.
- i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.
- j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.
- k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.



- l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles."
-

Emenda nº20, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 9

No punto Dous deste artigo, no primeiro parágrafo, onde di: "..., por proposta motivada da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.", debe dicir: "... por proposta motivada dos xestores e autorizada pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos."

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 10

Débese suprimir o terceiro parágrafo deste artigo que comeza por: "Non obstante, ..."

Emenda nº22, de Adición. Artigo 11

No primeiro parágrafo do punto Tres deste artigo, débese engadir *in fine*, despois de "... os anos 2017 e 2022." o seguinte texto: "..., de aplicación en materia de carreira profesional coa inclusión do persoal que non reunía as condicións de acceso no ano 2019, e as compensacións de xornadas penosas, especiais ou a quendas."

Emenda nº23, ao apartado Seis, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o punto Seis deste artigo

Emenda nº24, ao apartado Un.j), de Adición. Artigo 13

No punto Un deste artigo, débese engadir unha nova alínea j), que terá o seguinte contido:



"j) Persoal de servizos públicos de emprego en materia de orientación laboral e políticas activas de emprego."

Emenda nº25, ao apartado Un.k), de Adición. Artigo 13

o punto Un deste artigo débese engadir unha nova alinea k), que terá o seguinte contido:

"k) Persoal laboral ou interino para a cobertura de prazas de Administración xeral da Comunidade Autónoma que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade polo centro directivo de destino."

Emenda nº26, ao apartado Tres.h) bis), de Adición. Artigo 13

No punto Tres deste artigo, débese engadir unha nova alinea h) bis, que terá o seguinte contido:

"h) bis. Persoal dos servizos públicos de emprego en materia de orientación laboral e políticas activas de emprego."

Emenda nº27, ao apartado Tres.h) ter), de Adición. Artigo 13

No punto Tres deste artigo, débese engadir unha nova alínea h) ter, que terá o seguinte contido:

"h) ter. Persoal laboral ou interino para a cobertura de prazas de Administración xeral da Comunidade Autónoma que presenten especiais dificultades de cobertura, unha vez xustificada a necesidade polo centro directivo de destino."

Emenda nº28, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 15

No punto Dous deste artigo, onde di: "... poderán dar lugar á existencia de responsabilidades, ...", debe dicir: "... darán lugar á existencia de responsabilidades ..."



Emenda nº29, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 16

No punto Un deste artigo, onde di: "... poderán realizarse, sen necesidade da autorización conxunta a que se refire o punto seis do artigo 12 desta lei, en casos ...", debe dicir: "... realizaranse en casos ..."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 19

No segundo parágrafo deste artigo, logo de: "... con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, ..., débese engadir: "... ou calquera tipo de produtividade do posto de orixe, ..."

Emenda nº31, ao apartado Un.d), de Supresión. Artigo 21

No punto Un deste artigo, o segundo parágrafo da alínea d) débese suprimir.

Emenda nº32, de Modificación. Artigo 24

Proponse unha nova redacción para o punto Dous deste artigo, que terá o seguinte contido:

"Dous. Os complementos - o específico e o complemento autonómico transitorio - e as melloras retributivas experimentarán os incrementos que se establezan na Lei de orzamentos xerais do Estado e na demais normativa que lle sexa aplicable a este persoal. Os ditos complementos e as melloras retributivas regulados nas disposicións ou nos acordos adoptados polos órganos da Comunidade autónoma no exercicio das súas competencias verbo deste persoal acadarán o cen por cento das novas cantidades no ano 2022."

Emenda nº33, ao apartado Un, de Adición. Artigo 28

No último parágrafo do punto Un deste artigo, débese engadir o seguinte texto:



"... O anterior respectará sempre e, en todo caso, a previsión de mantemento de postos de traballo co fin do cumprimento dos obxectivos asinados ao respecto do Acordo para a mellora do emprego público e as condicións de traballo asinado entre a administración e as organizacións sindicais."

Emenda nº34, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 33

Débase engadir un novo punto Tres neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Tres. Nos cadros de persoal que forman parte da información dos orzamentos xerais anuais da Comunidade Autónoma de Galicia especificarase o número e ás categorías de persoal eventual e de gabinete."

Emenda nº35, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 34

Débase engadir un novo punto Tres neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Tres. A creación de novas prazas poderá realizarse en función da modificación da normativa básica en materia de reposición de efectivos."

Emenda nº36, de Supresión. Artigo 36

Débase suprimir o último parágrafo do punto Dous deste artigo.

Emenda nº37, de Adición. Artigo 45 bis

Débase crear un novo artigo 45 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 45 bis. Valoración dos proxectos relevantes

A consellaría competente en materia de facenda, en colaboración co departamento ou ente instrumental do sector



público autonómico que promova o proxecto, impulsará e coordinará a realización dun informe sobre a valoración e oportunidade da súa execución, cando teña un impacto social relevante, valoraranse os seus custes e beneficios. En todo caso, entenderase que deben contar preceptivamente con tal informe, os proxectos de investimento ou cunha participación do sector público autonómico, que orixinen un gasto superior aos 5.000.000 euros; así como calquera licitación que se pretenda facer polo sistema de concesión pública. Darase conta ao Parlamento de tales informes de xeito trimestral."

Emenda nº38, de Adición. Artigo 46 bis

Débase crear un novo artigo 46 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 46 bis. Información ao Parlamento de Galicia da contratación

A Xunta de Galicia remitirá mensualmente ao Parlamento de Galicia, a relación de expedientes de contratación superiores a 3.000 euros formalizados por cada unha das seccións orzamentarias e entidades instrumentais do sector público autonómico, con indicación expresa do obxecto do contrato, orzamento de licitación, procedemento e modalidade de adxudicación, licitadores presentados, importe de adxudicación e adxudicatario."

Emenda nº39, de Adición. Artigo 48 bis

Débase crear un novo artigo 48 bis, que terá o seguinte contido.

" Artigo 48 bis. Xestión dos fondos europeos.

Un. Con respecto á base de datos XUMCO, unificaranse os criterios de identificación das modalidades coa base de datos da Conta Xeral, para o que a dita base incorporará a identificación de todos os beneficiarios de Fondos Europeos, co seu DNI ou CIF, especificando o código identificativos e o nome completo das modalidades dos diferentes programas operativos de forma idéntica á Conta Xeral, así como a



identificación dos sectores económicos finalistas beneficiarios dos proxectos con financiamento europeo.

Dous. Nas baixas de créditos sobre os remanentes de crédito non comprometidos e finalistas que cofinancian, para a súa reprogramación en exercicios posteriores, empregarase un sistema que permita realizar as reprogramacións ao longo do exercicio, a medida que os proxectos se vaian desenvolvendo en función da eficacia destes e das dificultades de xestión que se van presentando e que xustificarán as ditas reprogramacións.

Tres: En relación coa entrada en vigor do novo marco financeiro e os programas vinculados a el, establecerase unha identificación precisa que permita esclarecer a pertenza dos distintos proxectos ao novo marco ou aos anteriores."

Emenda nº40, ao apartado Tres, de Adición. Artigo 49

Débese engadir un novo punto Tres neste artigo, que terá o seguinte contido:

"Tres. Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas nas que a dotación orzamentaria e o beneficiario individualizado polo nome ou razón social aparecen determinados expresamente no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 49 bis

Débese crear un novo artigo 49 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 49 bis. Xustificación de axudas e subvencións

Sen prexuízo do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados por recursos procedentes a Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, logo da comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Xunta de



Galicia, e a do pagamento cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa contida dos regulamentos aplicables aos fondos."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 49 ter

Débase crear un novo artigo 49 ter, que terá o seguinte contido:

Artigo 49 ter. Obrigas dos beneficiarios e das beneficiarias das axudas e subvencións

Un. Os xustificantes do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, ou ser debedor ou debedora por resolución de procedencia de reintegro serán obtidos pola propia Administración autonómica, previa autorización no momento da solicitude da persoa beneficiaria en relación coas subvencións seguintes:

- a) As outorgadas a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus organismos autónomos, entes públicos, sociedades públicas, fundacións e demais entes vinculados ou dependentes da Xunta de Galicia que deban exercer a súa actividade con suxeición ás normas de dereito público.
- b) As outorgadas a favor dos órganos estatutarios de Galicia.
- c) As libradas a favor da Administración do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas dela dependentes, así como dos órganos constitucionais.
- d) As libradas a favor doutras comunidades autónomas, dos seus organismos autónomos e das entidades públicas delas dependentes.
- e) As outorgadas a favor das universidades.
- f) As outorgadas a favor das corporacións locais e dos seus organismos autónomos.
- g) As bolsas e axudas destinadas expresamente a financiar estudos en centros de formación públicos e privados, cando as perciban directamente as persoas individuais beneficiarias.
- h) As subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo IV, "Transferencias correntes" destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.



- i) As que non superen os 3.000 euros individualmente e se concedan con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo Vil, "Transferencias de capital", destinadas a familias e institucións sen fins de lucro.
- j) Aquelas axudas ou subvencións nas que, por concorreren circunstancias debidamente xustificadas, derivadas da natureza, do réxime ou da contía da subvención, así se estableza mediante orde da consellaría competente en materia de economía e facenda.
- k) As subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional que se concedan a entidades sen fins lucrativos, así como a federacións, confederacións ou agrupación delas.
- l) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario/a e axuda o importe de 1.500 euros.
- m) As concedidas aos/ás beneficiarios/as para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.
- n) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.
- ñ) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

Dous. Quedan exceptuados da obriga de presentación de garantías que establece o artigo 67 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, do 13 de xuño, os centros tecnolóxicos que sexan recoñecidos como tales pola consellaría competente na materia de investigación, desenvolvemento e innovación."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 54

Débense engadir *in fine*, logo do punto Tres, dous novos parágrafos que terán o seguinte contido:

"A elección das obras deberá de xustificarse pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural baseándose en criterios obxectivos e da que se dará conta especificamente ao Parlamento de Galicia.



No caso de que con cargo a tal aplicación se levasen a cabo actuacións ou subvencións para inmobles de propiedade privada, incluída a eclesiástica, que puidese ser obxecto de visita pola cidadanía, valorarase como criterio preferente o feito de que non exista ningunha contraprestación económica para a súa vista."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 54 bis

Débese crear un novo artigo 54 bis, que terá o seguinte contido:

Artigo 54 bis. Contratos de colaboración público privada

Un. As fórmulas de colaboración público-privadas non se utilizarán para o financiamento de investimentos no ámbito dos servizos públicos básicos. En particular, estas fórmulas non poderán ser utilizadas para a construción, explotación, mantemento ou xestión de centros públicos sanitarios, educativos ou sociais.

Dous. O prazo máximo de concesión das colaboracións público-privadas será de 25 anos improrrogables.

Tres. O Goberno galego deberá presentar, no prazo máximo de tres meses, dende a aprobación desta lei, no Parlamento de Galicia para a súa aprobación, un estudo sobre a sostibilidade das finanzas públicas que determine os límites da colaboración público privada. O dito estudo, coas determinacións que permitan garantir a solvencia e sostibilidade das finanzas de Galicia, deberá estar aprobado antes de comprometer ningunha outra iniciativa de colaboración público-privada.

Catro. Correspóndelle á consellaría competente en materia de facenda a competencia para autorizar os proxectos de investimento que se vaian executar a través de fórmulas de colaboración público - privada por calquera entidade do sector público galego.

Cinco. En todo caso, o importe global para calquera anualidade futura dos compromisos de pagos adiados, non poderá superar en conxunto a porcentaxe do 1,5 % do orzamento consolidado do exercicio no que pretenda aprobar calquera nova



contratación que empregue fórmulas de colaboración público-privadas."

Emenda nº46, de Supresión. Artigo 56

Débese suprimir o terceiro parágrafo do punto Dous deste artigo, que comeza por: "A administración só aboará as categorías funcionais directivas de director ou directora ..." ata o final.

Emenda nº47, de Adición. Artigo 56 bis

Débese crear un novo artigo 56 bis, que terá o seguinte contido:

"Artigo 56 bis. Plan de publicidade e comunicación institucional

Os gastos de información, divulgación, propaganda ou publicidade que realice calquera das consellarías ou entes instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán estar recollidos no Plan de publicidade e comunicación institucional, que será elaborado pola Dirección Xeral de Comunicación nos primeiros dous meses de 2022, no que se deberá reflectir o orzamento anual asignado e deberá dar conta del para a súa información ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº47, ao apartado Un.a), de Modificación. Artigo 58

No punto Un, alínea a) deste artigo, onde di: "... o 1,8274130 por cento correspondente ao fondo base", debe dicir: "... 2,3200880 por cento correspondente ao fondo base."

Emenda nº48, ao apartado Un.b), de Supresión. Artigo 58

No punto Un deste artigo, débese suprimir a alínea b).



Emenda nº49, ao apartado Dous, de Supresión. Artigo 58

No punto Dous deste artigo, débese suprimir o seguinte texto:
"..., dos cales 112.972.806 euros corresponden ao fondo base e
30.457.741 euros ao fondo adicional."

Emenda nº50, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 58

No punto Dous deste artigo, logo de: "... ascende a
143.430.547 euros ..." débese engadir a seguinte expresión: "...
correspondente ao fondo base."

Emenda nº51, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 58

No punto Tres deste artigo, onde di: "... deducirase un importe
de seiscientos mil euros anuais, ... Debe dicir: "... deducirase un
importe de 889.741 euros anuais ..."

Emenda nº52, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 58

Propónse unha nova redacción para o punto Catro, deste
artigo, que se substituirá polo seguinte texto:

"Catro. Establécese un fondo adicional por importe de
45.153.000 euros será distribuído segundo o acordo
consensuado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a
Federación Galega de Municipios e Provincias no seo da
Comisión Galega de Cooperación Local."

Emenda nº53, de Adición. Artigo 58 bis

Débese crear un novo artigo 58 bis, que terá o seguinte
contido:

"Artigo 58 bis.

Establécese un Fondo por importe de 45.153.000 euros que se
repartirá en función dos seguintes criterios:



- a) Cento corenta e cinco mil euros aos concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal.
- b) Dous millóns cincocentos noventa e cinco setenta mil euros aos concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade.
- c) Novecentos corenta e cinco mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos custos de mantemento dos conservatorios de grao medio.
- d) Un millón cincocentos mil euros aos concellos resultantes dun proceso de fusión, en cumprimento do sinalado no artigo 13.un, alíneas a) e f), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia. A repartición deste importe realizarase nas condicións que estableza a consellaría competente en materia de Administración local.
- e) Dous millóns seiscientos sesenta e oito mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal.
- f) Catro millóns cincocentos mil euros aos concellos que teñen que asumir o financiamento das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios.
- g) Un millón douscentos mil euros aos concellos integrados no Plan de retirada sistemática de niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*).
- h) Oito millóns seiscientos mil euros aos concellos de menos de quince mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar para mellorar a eficiencia enerxética de edificios de titularidade municipal.
- i) Un millón de euros aos concellos en función da súa participación en proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas que contribúan á integración das enerxías renovables na actividade local.
- j) Dous millóns de euros aos concellos de menos de quince mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar para a adquisición de maquinaria e equipamento vinculado á presentación de servizos de competencia municipal.
- k) Dez millóns de euros aos concellos de menos de vinte mil habitantes en función dos investimentos que teñan que realizar en actuacións destinadas á modernización e mellora das redes de abastecemento municipal
- l) Dez millóns de euros para sufragar a contías achegadas polos concellos para a gratuidade das prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos.

Mediante un acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local determinaranse tanto as variables que se van utilizar na repartición de cada un dos bloques sinalados neste punto como



os módulos unitarios que se van considerar en relación con cada unha desas variables, e sinalarase a contía que corresponde a cada concello por este fondo.

Para o caso dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, das redes de faixas secundarias de xestión da biomasa para a prevención de incendios e do Plan de retirada sistemática de niños do tártago negro de patas amarelas (*Vespa velutina nigrithorax*), a Administración autonómica poderá optar, de conformidade co acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias, por asumir directamente a xestión das actuacións. Neste suposto, as dotacións antes expresadas e precisas para o seu financiamento adscribiranse ás correspondentes aplicacións do orzamento de gastos das consellarías competentes, polo que non se precisará a súa repartición entre os concellos."

Emenda nº54, de Adición. Artigo 58 ter

Débase crear un novo artigo 58 ter, que terá o seguinte contido:

"Artigo 58 ter. convenios, subvencións e transferencias aos concellos

A Xunta de Galicia procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias aos concellos de tal xeito que se poida acadar un incremento dos fondos incondicionados aos concellos galegos de, cando menos, unha porcentaxe de aumento do 20 % en relación co ano anterior. O dito proceso levarase a cabo de acordo coa Fegamp, coa cal procederase a aprobar os criterios obxectivos para o seu reparto."

Emenda nº55, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 60

Débase suprimir o punto Catro deste artigo.

Emenda nº56, ao apartado Dous, de Modificación. Disposición adicional quinta



No punto Dous, deste artigo, no parágrafo que empeza por: "Os auditores e as auditoras que sexan contratados non poderán ...", onde di: "... entidade por máis de dez anos. ...", debe dicir: "... entidade por máis de catro anos .."

Emenda nº57, de Adición. Disposición adicional sétima

Débase engadir un novo parágrafo *in fine* nesta disposición, que terá o seguinte contido:

"O Instituto Galego da Vivenda e Solo deberá tomar as medidas axeitadas para garantir que o solo desenvolvido por iniciativa pública e interese xeral non poida ser obxecto de especulación por parte dos compradores, establecendo controis que permitan o claro destino do chan industrial á xeración de actividade económica e emprego en Galicia. A estes efectos o Goberno galego deberá garantir que o solo industrial promovido por iniciativa pública da Xunta de Galicia que non xere actividade económica e emprego nos tres anos seguintes á súa venda e posta a disposición por parte dos propietarios retornará ao patrimonio da Xunta de Galicia.

Igualmente a Xunta de Galicia, a través do Igape, implantará un programa de actuación que contemple axudas para a adquisición do solo empresarial promovido dende o sector público autonómico."

Emenda nº58, ao apartado Un, de Adición. Disposición adicional oitava

No primeiro parágrafo do punto Un deste artigo débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . Ademais dos incrementos fixos que habilite a referida norma básica estatal, os fondos adicionais de recuperación de poder adquisitivo aplicaranse en termos homoxéneos a todo o persoal dependente da Xunta de Galicia."

Emenda nº59, ao apartado Tres, de Adición. Disposición adicional oitava



Débese engadir un novo punto Tres nesta disposición, que terá o seguinte contido:

"Tres. En cumprimento do II Acordo estatal para a mellora do emprego público e as condicións de traballo, asinado o 9 de marzo de 2018, no ámbito do persoal dependente da Xunta de Galicia, procederase á homologación progresiva do computo de xornada efectiva con outras administracións, con calendarios ponderados atendendo ás peculiaridades sectoriais, funcións e tarefas e as compensacións se for o caso."

Emenda nº60, de Adición. Disposición adicional novena

Débense engadir dous novos parágrafos *in fine* nesta disposición, que terán o seguinte contido:

"Os altos cargos do sector público autonómico que sexan membros dos consellos de administración ou órgano equivalente de calquera das entidades que conforman ou teña participación o sector público autonómico, non cobrarán ningunha clase de retribución ou indemnización como membros de tales consellos, sendo as ditas contías ingresadas, no seu caso, directamente na conta xeral da Tesourería da Xunta de Galicia.

En todo caso, as posibles retribucións a percibir quedan condicionadas ao cumprimento do requisito de que ningún dos sexos dos membros dos consellos de Administración ou órgano equivalente de calquera das entidades que conforman ou teña participación maioritaria o sector público autonómico, sexa superior ao 60 %."

Emenda nº61, de Modificación. Disposición adicional décima

No último parágrafo desta disposición, onde di: "... e deberán ser respectados os dereitos laborais do persoal afectado.", debe dicir: "... e deberán ser respectados a totalidade dos dereitos laborais do persoal afectado."



Emenda nº62, de Adición. Disposición adicional décima

Débase engadir *in fine* nesta disposición un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"As ditas modificacións levaranse a cabo logo da previa negociación na mesa sectorial e de acordo co disposto no Plan de Ordenación de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde."

Emenda nº63, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Esta disposición adicional debe suprimirse.

Emenda nº64, ao apartado Un, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Débase suprimir o punto Un, desta disposición.

Emenda nº65, de Modificación. Disposición adicional décimo terceira

Nesta disposición, onde di: "... percepción dunha prestación única **non superior** ...", debe dicir: "... percepción dunha prestación única **non inferior** ..."

Emenda nº66, de Adición. Disposición adicional décimo terceira

Débase engadir *in fine* un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"Unha vez formulada a solicitude coa documenación precisa, as axudas reguladas nesta disposición deberán de se faceren efectivas a través da correspondente tarxeta moedeiro, no prazo máximo dun mes dende o momento da súa solicitude."



Emenda nº67, de Adición. Disposición adicional décimo oitava

Débese engadir unha nova disposición que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional décimo oitava. Proxecto de lei de financiamento local

A Xunta de Galicia abordará no primeiro trimestre do ano 2023 a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp no que, clarificando as funcións competenciais municipais e o seu debido financiamento, se inclúa a normativa xeral para o reparto dos fondos incluídos no Título V desta lei, así como o establecemento dos principios para garantir un reparto obxectivo e transparente das subvencións autonómicas, e ao mesmo tempo que estableza a asunción pola Administración autonómica do custe total do mantemento dos centros de educación primaria e dos centros de saúde."

Emenda nº68, de Adición. Disposición adicional décimo novena

Débese engadir unha nova disposición adicional décimo novena, que terá o seguinte contido:

"Disposición adicional décimo novena. Modalidades de xestión do servizo de comedor escolar

A Xunta de Galicia no prazo máximo de seis meses dende a aprobación desta lei, desenvolverá o Decreto 123/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellaría con competencias en materia de educación, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar."

Emenda nº69, de Adición. Disposición adicional vixésima

Débese engadir unha nova disposición adicional vixésima, que terá o seguinte contido:



"O Parlamento de Galicia creará, previo cumprimento dos requisitos regulamentarios establecidos, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galicia, como órgano de asesoramento técnico da Cámara en materia económica e orzamentaria."

Emenda nº70, de Adición. Disposición adicional vixésimo primeira

Débase engadir unha nova disposición adicional vixésima primeira, que terá o seguinte contido:

A Consellería de Facenda e Administración Pública creará unha oficina de avaliación de políticas públicas co obxectivo de establecer un sistema de indicadores cuantitativos e cualitativos destinados a medir a eficiencia, a eficacia e a efectividade social das accións das diferentes consellarías"

Emenda nº71, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Débase suprimir esta disposición.

Emenda nº72, de Adición. Disposición transitoria cuarta

Débase engadir unha nova disposición transitoria cuarta, que terá o seguinte contido:

"Disposición transitoria cuarta. Resolucións de solicitudes da Risga

A Administración autonómica comprométese a resolver as solicitudes da Risga no prazo máximo de dous meses e, de non se cumprir este prazo, abonarase a maiores da prestación o interese que aparece no artigo 26.6 da Lei 5/2003, do 17 de decembro."

Emenda nº73, ao apartado I, de Adición. Exposición de motivos



Na epígrafe I da exposición de motivos, no parágrafo que comeza por: "Así e todo, as incertezas ...", logo de "... máis persistente da prevista inicialmente ...", débese engadir: "... e máis elevada na nosa comunidade que para o conxunto do Estado, ..."

Emenda nº74, ao apartado II, de Modificación. Exposición de motivos

Na epígrafe II da exposición de motivos no parágrafo que comeza por: "O título V, dedicado ás "Corporacións locais" estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles ..." onde di: "..., e en fondo adicional, para ...", debe dicir: "..., e en fondo base, para ..."

Emenda nº75, ao apartado II, de Adición. Exposición de motivos

No parágrafo que comeza por: "O título V, dedicado ás "Corporacións locais", estruturase en dous capítulos.
O primeiro deles, dedicado " débese engadir *in fine* o seguinte texto: "... . O Fondo Galego de Cooperación Local queda establecido para o exercizo 2023 en 143.430.547 euros que corresponden ao fondo base e 45.153.000 euros corresponden ao fondo adicional."

Emenda nº76, ao apartado II, de Adición. Exposición de motivos

Na epígrafe II da exposición de motivos, no parágrafo que comeza por: "Porén, no ano 2023, as entrega á conta ..." na liña despois do punto e seguido que di: "... .O fondo adicional ...", débese engadir a continuación desta expresión o seguinte texto: "... de cooperación local queda establecido para o exercizo 2023 en 143.430.547 euros que corresponden ao fondo base e 45.153.000 euros corresponden ao fondo adicional, ..."





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2022 16:38:23
Nº Rexistro: 43956
Data envío: 17/11/2022 16:38:23.685

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2022
16:37:55

CSV: BOPGDSPG-yh42WLqJN-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do artigo 112 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda ao estado de gastos do **Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 4- PRESIDENCIA E SECCIÓN 6- VICEPRESIDENCIA
SEGUNDA, E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

Emenda Nº 1

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN	INCREMENTO
						Importe	Importe
1	6	7	111E	123.00	Indemnización por destino no estranxeiro	199.711	
	4	30	312C	123.00	Indemnización por destino no estranxeiro		199.711

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

**EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 05 – VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

Emenda Nº 2

Nº. Emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación subconcepto	Proxecto	Denominación proxecto	MINORACIÓN	INCREMENTO
								Importe	Importe
2	05	01	731A	204	MATERIAL DE TRANSPORTE	2015/00280	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS PARA O FUNCIONAMENTO XERAL DO LABORATORIO DE METROLOXIA DE GALICIA	2.000	
				205	MOBILIARIO E UTENSILIOS			2.500	
				212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCION S			56.500	
				213	MAQUINARIA, INSTALACION S E UTENSILIOS			5.158	
				214	MATERIAL DE TRANSPORTE			1.000	
				220.00	ORDINARIO NON INVENTARIABLE			2.500	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



				220.02	MATERIAl INFORMATICO NON INVENTARIABL E			500	
				221.00	ENERXÍA ELÉCTRICA			190.000	
				221.02	GAS			90.000	
				221.03	COMBUSTIBLES			6.000	
				221.04	VESTIARIO			500	
				221.99	OUTRAS SUBMINISTRACI ÓNS			17.000	
				222.00	TELEFÓNICAS			5.500	
				223	TRANSPORTES			4.000	
				224	PRIMAS DE SEGUROS			1.400	
				225	TRIBUTOS			450	
				226.99	OUTROS			3.732	
				227.00	LIMPEZA E ASEO			30.000	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



				230	AXUDAS DE CUSTO			4.500	
				231	LOCOMOCION			2.500	
				204	MATERIAL DE TRANSPORTE				2.000
				205	MOBILIARIO E UTENSILIOS				2.500
				212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCION S				56.500
				213	MAQUINARIA, INSTALACION S E UTENSILIOS				5.158
				214	MATERIAL DE TRANSPORTE				1.000
				220.00	ORDINARIO NON INVENTARIABL E				2.500
				220.02	MATERIRAL INFORMATICO NON INVENTARIABL E				500
				221.00	ENERXÍA ELÉCTRICA				190.000
	05	02	732A			2015/002 80	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS PARA O FUNCIONAME NTO XERAL DO LABORATORIO DE METROLOXIA DE GALICIA		

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



			221.02	GAS		90.000
			221.03	COMBUSTIBLES		6.000
			221.04	VESTIARIO		500
			221.99	OUTRAS SUBMINISTRACI ÓNS		17.000
			222.00	TELEFÓNICAS		5.500
			223	TRANSPORTES		4.000
			224	PRIMAS DE SEGUROS		1.400
			225	TRIBUTOS		450
			226.99	OUTROS		3.732
			227.00	LIMPEZA E ASEO		30.000
			230	AXUDAS DE CUSTO		4.500
			231	LOCOMOCION		2.500
					425.740	425.740

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda Nº 3

Nº. Emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación subconcepto	Proxecto	Denominación proxecto	MINORACIÓN	INCREMENTO
								Importe	Importe
3	05	01	731A	623.0	ADQUISICION DE MAQUINARIA	2015 00263	INVESTIMENTOS DO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXIA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SEUS SERVIZOS	30.000	
				633.0	MAQUINARIA, INSTALACIONS E UTENSILIOS		170.000		
				640.2	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS		135.000		
		02	732A	623.0	ADQUISICION DE MAQUINARIA	2015 00263	INVESTIMENTOS DO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXIA DE GALICIA PARA O FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SEUS SERVIZOS		30.000
				633.0	MAQUINARIA, INSTALACIONS E UTENSILIOS			170.000	
				640.2	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS			135.000	
								335.000	335.000

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 6 – VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Emenda Nº 4

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN	INCREMENTO
						Importe	Importe
4	06	02	441A	622.1	CONSTRUCCIÓN EN MATERIA DE DEPORTES	200.000	
	06	02	441A	481.0	TRANSFERENCIAS A ENTIDADES E FEDERACIÓN DEPORTIVAS GALEGAS		200.000

Emenda Nº 5

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN	INCREMENTO
						Importe	Importe
5	06	02	441A	622.1	CONSTRUCCIÓN EN MATERIA DE DEPORTES	300.000	
	06	02	441A	443.00	FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO		300.000

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



**EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 9
 CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

Emenda nº 6

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Código de Proxecto	Denominación	MINORACIÓN	INCREMENTO
6	9	A1	621A	6321	2020 00005	Cidade de San Caetano	10.000.000,00 €	
	9	A1	621A	6221	2020 00005	Cidade de San Caetano		10.000.000,00 €

EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 11-

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

Emenda nº 7

Nº. Emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconc epto	Denominación subconcepto	Proxecto	Denominación proxecto	MINORACIÓN	INCREMENTO
								Importe	Importe
7	11	50	323A	4800	BOLSAS E AXUDAS AO ALUMNADO DESEMPREGADO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO	2023 00123	Retorna Cualifica	750.000	
	11	50	323A	4812	CONVENIO RETORNA CUALIFICA FUNDACIÓN VENANCIO	2023 00123	Retorna Cualifica		250.000
	11	50	323A	4813	CONVENIO RETORNA CUALIFICA FUND. NORTEMPO	2023 00123	Retorna Cualifica		250.000
	11	50	323A	4814	CONVENIO RETORNA CUALIFICA FEDERAC. EFA GALICIA	2023 00123	Retorna Cualifica		250.000

Emenda nº 8

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Nº. Emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación subconcepto	Proxecto	Denominación proxecto	MINORACIÓN	INCREMENTO
								Importe	Importe
8	11	30	322C	410.0	A ADMINISTRACIÓN XERAL DA CCAA	2022 00090	1ª EXPERIENCIA LABORAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS	5.019.066	
	11	30	322C	480.10	CONTRATOS EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		700.000
	11	30	322C	432	CONTRATOS EN AXENCIAS AUTÓNOMICAS	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		500.000
	11	30	322C	444	CONTRATOS NAS UNIVERSIDADES	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		1.000.000
	11	30	322C	443	CONTRATOS EN FUNDACIÓN PÚBLICAS	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		335.000
	11	30	322C	445	CONTRATOS EN OUTRAS ENTIDADES	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		140.293
	11	30	322C	470.10	CONTRATOS NAS EMPRESAS PRIVADAS	2022 00091	CONTRATAC PERSOAS MOZAS EN ORGANISMOS DE INVESTIG.		2.343.773

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 9

Nº. Emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconc epto	Denominación subconcepto	Proxecto	Denominación proxecto	MINORACIÓN	INCREMENTO
								Importe	Importe
9	11	31	322C	4817	CONVENIO FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS POLO PONT.N. RÍAS BAIXAS	2022 00085	APOIO TECNICO PERSOAL POLOS DE EMPREENDEMENTO RURAL	9.000	
	11	31	322C	4816	CONVENIO EFA POLO COSTA DA MORTE	2022 00085	APOIO TECNICO PERSOAL POLOS DE EMPREENDEMENTO RURAL	9.314	
	11	31	322C	7817	CONVENIO FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS POLO PONT.N. RÍAS BAIXAS	2022 00085	APOIO TECNICO PERSOAL POLOS DE EMPREENDEMENTO RURAL		9.000
	11	31	322C	7816	CONVENIO EFA POLO COSTA DA MORTE	2022 00085	APOIO TECNICO PERSOAL POLOS DE EMPREENDEMENTO RURAL		9.314

EMENDAS AO ESTADO DE GASTOS DA SECCIÓN 13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Emenda nº 10

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
10	13	04	312E	481.23	CONVENIO FAXPG PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		150.000,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	150.000,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Emenda nº 11

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
11	13	04	312E	481.21	CONVENIO COGAMI PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		142.000,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	142.000,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 12

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
12	13	04	312E	481.24	CONVENIO FEAFES PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		3.866,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	3.866,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Emenda nº 13

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
13	13	04	312E	481.25	CONVENIO DOWN GALICIA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		246.120,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	246.120,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 14

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
14	13	04	312E	481.26	CONVENIO AUTISMO GALICIA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		205.715,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	205.715,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 15

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
15	13	04	312E	481.28	CONVENIO ASPAYM PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		10.000,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	10.000,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 16

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
16	13	04	312E	481.29	CONVENIO ASPACE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		188.064,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	188.064,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 17

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
17	13	04	312E	481.30	CONVENIO FEGADACE PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		93.577,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	93.577,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 18

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
18	13	04	312E	481.32	CONVENIO CON FEGEREC PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		10.000,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	10.000,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 19

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
19	13	04	312E	481.2	CONVENIO AGAT		7.098,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	7.098,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Emenda nº 20

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Subconcepto	Denominación	MINORACIÓN Importe	INCREMENTO Importe
20	13	04	312E	481.22	CONVENIO FADEMG PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO E REALIZACION DE PROGRAMAS		2.103.903,00
	13	04	312D	228.2	FUNCIONAMENTO CENTROS PUBLICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2.103.903,00	

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Emenda nº 21

Nº emenda	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Denominación	Código de proxecto	Denominación	Modalidade de financiamento	MINORACIÓN	INCREMENTO
									Importe	Importe
21	13	02	312B	228	GASTOS FUNCIONAMENTO DE CENTRO E SERVIZOS SOCIAIS	2023 00150	PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MENORES	FSE + 4350		29.916,00
	13	02	312B	228	GASTOS FUNCIONAMENTO DE CENTRO E SERVIZOS SOCIAIS	2023 00150	PROGRAMA DE INTERVENCIÓN CON MENORES	FPC 1020		19.944,00
	13	02	312B	228	GASTOS FUNCIONAMENTO DE CENTRO E SERVIZOS SOCIAIS	2023 00146	TRATAMENTO TERAPEUTICO NENOS NENAS ADOLESCENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN	FSE + 4350	29.916,00	
	13	02	312B	228	GASTOS FUNCIONAMENTO DE CENTRO E SERVIZOS SOCIAIS	2023 00146	TRATAMENTO TERAPEUTICO NENOS NENAS ADOLESCENTES DO SISTEMA DE PROTECCIÓN	FPC 1020	19.944,00	

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2022

Asdo.: Pedro Puy Fraga

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2022 18:10:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, solicita a retirada exclusivamente da **emenda nº1** (sección 4 e sección 6) incluída no documento con número de rexistro **43973**.

